

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E FUNDACIÓN BANCO SABADELL CON MOTIVO DA EXPOSICION TEMPORAL “ROSTROS DO PAÍS”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia , **DECLARA:**

Que esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia ten previsto formalizar con FUNDACIÓN BANCO SABADELL o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 03 de xuño de 2016 ao 31 de xuño de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular os termos e condicións da colaboración de ambas as entidades na realización, promoción e difusión da exposición Rostros do País, que permanecerá aberta na Biblioteca e Arquivo de Galicia do 15 de xullo ao 18 de setembro de 2016.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia segundo os seus estatutos, céntrase na creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio a interacción cultural.



En cumprimento do seu obxecto a Fundación dentro do seu programa de exposicións, inclúe a organización, desenvolvemento e apoio de eventos culturais de interese para a difusión de Cidade da Cultura de Galicia, entre os que se atopa a exposición ROSTROS DO PAÍS, unha exposición que permanecerá aberta no Biblioteca e Arquivo de Galicia do 15 de xullo ao 18 de setembro de 2016.

A exposición Rostros do País é un proxecto fotográfico a modo de gran retrato colectivo de Galicia que se elaborará a partir das individualidades que a compoñen. Retratadas en fotografías creativas achegadas ao fotodocumentalismo, veremos a persoas que triunfan nas súas respectivas actividades e sectores, pero tamén a persoas que, sen destacar especialmente, no seu traballo diario contribúen a que este país funcione: as xentes do común retratadas todas elas nunha radiografía do país nun intre determinado. A exposición terá lugar no Hall da Biblioteca e Arquivo de Galicia.

A Fundación Banco Sabadell constituíuse como fundación privada cuxo obxectivo é promover actividades de divulgación, formación e investigación nos ámbitos educativo, científico e cultural, así como fomentar e apoiar o talento novo. A Fundación Banco Sabadell reconece a importancia da difusión da exposición Rostros do País en Cidade da Cultura de Galicia, e a tal fin desexa colaborar na súa realización, promoción e difusión de dita exposición.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago a 01 de xuño 2016

(asinado dixitalmente)

